

INFORMACIÓN RELATIVA Á SUBVENCIÓN RECIBIDA POLO PSdeG-PSOE PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO NO ANO 2022

a) Marco Normativo Regulador

- Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

b) Solicitud

- Solicitud presentada o 05/01/2022 en cumprimento do establecido nos artigos 31 e 35.1 da Lei citada no apartado anterior. Procedemento PR004A.

c) Documentación complementaria

- Declaración responsable acorde co previsto nos artigos 32 e 35.1 da Lei mencionada no apartado a).
- Xustificantes acreditativos de estar ao corrente dos pagamentos ás administracións tributarias e da Seguridade Social.
- Información referida á conta bancaria asignada ós efectos de ingreso da subvención.
- Poderes correspondentes aos efectos oportunos

d) Entidade que concede a subvención

- Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, dependente, na actualidade, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

e) Resolución

- Resolución da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias de 2 de febreiro do ano 2022.

f) Contía

- A contía da subvención ven determinada polo número de escaños (supón o 40% da mesma) e votos obtidos (supón o 60% da mesma) por cada formación política, que reúna os requisitos para ser

beneficiaria, nas eleccións ao Parlamento de Galicia de referencia (neste caso a celebrada o 12 de xullo de 2020).

- O importe da subvención recibida polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE no ano 2021 foi de catrocentos catro mil seiscentos tres euros con oitenta e nove céntimos (404.603,89€).

g) Destino

- Atender gastos de funcionamento do PSdeG-PSOE.

h) Xustificación

- A documentación para a xustificación consiste nunha relación numerada dos distintos conceptos de gastos realizados, acompañada dos correspondentes xustificantes de gasto e de pago, que se presenta ante a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Esta información publícase en cumprimento da esixencia de publicidade a realizar polas entidades subvencionadas, de acordo co establecido no artigo 46.1 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas.

Santiago de Compostela, a 30 de xaneiro de 2023

Luis Ángel Lago Lage
Xerente do PSdeG-PSOE